

Acordanzas

José Vázquez Cereijo

(Lugo 13 de xuño de 1940 - 16 de agosto de 2016)

10 anos da súa morte

José Vázquez Cereijo mostra desde ben novo inquietudes creativas e sensibilidade para as artes. Iníciase no debuxo e a pintura na súa cidade natal, no Círculo das Artes e da man do pintor e restaurador coruñés Ricardo Camino Calvo, e noutras prácticas artísticas, como a escenografía, xunto a Ángel Johán, ou o ballet clásico, como alumno de Pilar Tabernero Busto. Tamén adoita frecuentar os ambientes culturais lucenses e asiste aos faladoiros, como o do Café Méndez Núñez, no que participan entre outros Celestino Fernández de la Vega, Ánxel Fole e o seu tío o poeta Luis Pimentel.

En 1958 comeza estudos de Medicina en Santiago de Compostela e ao ano seguinte trasládase a Madrid para estudar Arquitectura e Cinematografía. Finalmente opta por Aparelladores e acaba asentándose na capital, onde alén de desenvolver unha carreira profesional como arquitecto técnico no Concello chega a formar parte moi significativa da vida cultural madrileña. Como artista, desenvolve unha intensa e diversificada actividade que abarca pintura, escultura, debuxo e gravado. En paralelo mantén unha salientable faceta de poeta.

A partir de 1970 dá a coñecer as súas obras en exposicións individuais e durante décadas participa en importantes colectivas. Cultart, Toisón, Kreisler, Ruiz Castillo, Collage, Altex, Estiarte e Juana Mordó son algunhas das galerías de arte madrileñas que acollen as súas obras. Tamén o fan o Centro Cultural da Vila, o Museo de Arte Española Contemporánea, varias edicións de ARCO... As súas realizacións viaxan a Bos Aires, Utrecht, Ámsterdam, Taipei, Praga, Londres, Lorient, Milán, Nova York... En Galicia poden verse os seus traballos na Casa da Parra, en Santiago de Compostela, no Museo de Pontevedra, o Municipal de Ourense, a galería Pardo Bazán na Coruña, a Baceiros en Vigo... En Lugo o artista mantén durante anos unha relación especial coa desaparecida Galería Clérigos, un espazo que simbolicamente elixe exhibir obra deste autor tanto para iniciar a súa andaina, en 1995, como para a súa exposición de clausura, en 2016.

A ampla produción de Vázquez Cereijo, na que conflúen arte e poesía, alcanza o recoñecemento do público e a crítica especializada e as súas obras son seleccionadas en certames e bienais nacionais e internacionais. En 1995 recibe unha Mención de Honra de gravado da Calcografía Nacional e en 1997 concédennlle o Premio Nacional de Gravado do Museo do Gravado Español Contemporáneo de Marbella.

A Vázquez Cereijo débese en gran parte a posta en valor e a difusión da obra de Maruja Mallo en España. En 1979 edita o cartafol de gravados "HOMENAXE A REVISTA DE OCCIDENTE", un proxecto no que ambos traballan durante moitos meses. O cartafol, do que se editaron 200 exemplares, contén seis litografías correspondentes a outros tantos deseños que realizou a pintora viveirense entre 1933 e 1936 para as cubertas dalgúns números da emblemática revista creada e dirixida por José Ortega e Gasset. As láminas van acompañadas dunha serie de textos escritos pola pintora que fan referencia ao ambiente madrileño dos anos trinta, a García Lorca, Neruda, Miguel Hernández, Alberto Sánchez, Benjamín Palencia. Tamén inclúe unha fotomontaxe que Vázquez Cereijo e Mallo elaboraron conxuntamente e un prólogo escrito por Soledad Ortega Spotorno, filla do filósofo.

Aínda que sempre mantivo relación coa súa cidade natal, que visitaba con frecuencia, en 2013 e acompañado da súa esposa, Anne Nikitik, o artista regresa definitivamente a Lugo, á casa familiar da Praza Maior. E en Lugo é onde falece en 2016.

En setembro de 2023, impulsada pola súa viúva, créase a Fundación VAC-AN con sede no barrio da Milagrosa de Lugo para a conservación e difusión do legado do artista lucense e desde entón promove interesantes iniciativas culturais.

O artista e o Museo Provincial de Lugo

Vázquez Cereijo mantivo unha intensa relación co Museo Provincial de Lugo. En 2011 este centro museístico organízalle unha exposición retrospectiva que repasa tres décadas fundamentais da súa traxectoria artística. Coincidindo con este evento, o propio autor efectuou a doazón de varias obras pictóricas e gráficas que pasaron a formar parte dos fondos permanentes da institución.

En xullo de 2019 e baixo o título *Eu sempre soñei ser a miña historia*, o museo acolle unha exposición antolóxica de Vázquez Cereijo supervisada pola viúva do artista e co escultor Paco Pestana á fronte como comisario. Unha mostra que non só reúne algunhas das súas obras, senón tamén doutros artistas. Ademais, na exposición figuran obxectos de distintas tipoloxías pertencentes á extensa e heteroxénea colección que o pintor conseguiu formar ao longo de moitos anos, sobre todo cos achados durante as visitas dominicais ao Rastro madrileño, moitas veces acompañado de Juan Manuel Bonet Correa e Andrés Trapiello.

En 2024 na sala de exposicións temporais do museo celébrase a exposición *Ronsel. 100 anos despois* sobre a emblemática revista lucense dirixida por Evaristo Correa Calderón. Unha mostra promovida pola Fundación VAC-AN na que figuran abundantes materiais pertencentes á colección de Vázquez Cereijo que custodia a fundación.

O Museo Provincial conserva nos seus fondos cinco pinturas ao óleo e 32 gravados de Vázquez Cereijo correspondentes a distintas etapas da súa produción e que na súa maioría


son doazón do propio autor. Entre as pinturas está o cadro datado en 1978 *Lugo desde a miña casa* pertencente á primeira época, unha obra moi luminosa, con cores claras e saturadas e materia empastada aplicada en parte con espátula. Unha interpretación vigorosa e resplandeciente da praza do Concello, a actual Praza Maior, que, como nos indica no propio título, correspóndese coa panorámica que podía contemplar desde a súa casa familiar. As outras catro pinturas reúnen características similares, propias das últimas etapas da súa produción, nas que predominan as tonalidades escuras, o uso fundamental de grises e mesturas de azuis, verdes e amarelos cos que mantén sempre un certo dramatismo, e conteñen elementos simbólicos que nos remiten a evocacións e obxectos relacionados con vivencias que permanecen na memoria do pintor.

En canto á obra gráfica, está por unha banda unha colección de 31 gravados que van da abstracción á figuración, das xeometrías ás liñas orgánicas e reproducen diferentes motivos, moitos deles recorrentes na obra de Vázquez Cereijo, como as escaleiras, as rodas e bicicletas, que en conxunto reflicten moi ben o seu mundo creativo. Doutra banda está a litografía *Retrato de Luis Pimentel*, unha interesante interpretación xestual do rostro do poeta lucense realizada con soltura, no ámbito da caricatura, que capta con acerto os trazos esenciais do representado. Unha obra asinada e dedicada polo autor que chegou ao museo en 1980 como doazón de Javier Rosón Pérez, que tamén foi quen doou o exemplar do cartafol de "HOMENAXE A REVISTA DE OCCIDENTE" que conserva a institución.


LY/ Departamento Belas Artes




Lugo desde a miña casa



Retrato de Luis Pimentel



Lus de inverno



S/T

Efemérides

José Vázquez Cereijo

(Lugo 13 de junio de 1940 - 16 de agosto de 2016)

10 años de su muerte



Foto archivo Fundación VAC-AN

José Vázquez Cereijo muestra desde muy joven inquietudes creativas y sensibilidad para las artes. Se inicia en el dibujo y la pintura en su ciudad natal, en el Círculo de las Artes y de la mano del pintor y restaurador coruñés Ricardo Camino Calvo, y en otras prácticas artísticas, como la escenografía, junto a Ángel Johán, o el ballet clásico, como alumno de Pilar Tabernero Busto. También suele frecuentar los ambientes culturales lucenses y asiste a las tertulias, como la del Café Méndez Núñez, en la que participan entre otros Celestino Fernández de la Vega, Ánxel Fole y su tío el poeta Luis Pimentel.

En 1958 comienza estudios de Medicina en Santiago de Compostela y al año siguiente se traslada a Madrid para estudiar Arquitectura y Cinematografía. Finalmente opta por Aparejadores y acaba asentándose en la capital, donde además de desarrollar una carrera profesional como arquitecto técnico en el Ayuntamiento llega a formar parte significativa de la vida cultural madrileña. Como artista, desarrolla una intensa y diversificada actividad que abarca pintura, escultura, dibujo y grabado. En paralelo mantiene una destacada faceta de poeta.

A partir de 1970 da a conocer sus obras en exposiciones individuales y durante décadas participa en importantes colectivas. Cultart, Toisón, Kreisler, Ruiz Castillo, Collage, Altex, Estiarte y Juana Mordó son algunas de las galerías de arte madrileñas que acogen sus

obras. También lo hacen el Centro Cultural de la Villa, el Museo de Arte Español Contemporáneo, varias ediciones de ARCO... Sus realizaciones viajan a Buenos Aires, Utrecht, Ámsterdam, Taipei, Praga, Londres, Lorient, Milán, Nueva York... En Galicia pueden verse sus trabajos en la Casa da Parra, en Santiago de Compostela, en el Museo de Pontevedra, el Municipal de Ourense, las galerías Pardo Bazán en A Coruña, Babelos en Vigo... En Lugo el artista mantiene durante años una relación especial con la desaparecida Galería Clérigos, un espacio que simbólicamente elige exhibir obra de este autor tanto para iniciar su andadura, en 1995, como para su exposición de clausura, en 2016.

La amplia producción de Vázquez Cereijo, en la que confluyen arte y poesía, alcanza el reconocimiento del público y la crítica especializada y sus obras son seleccionadas en certámenes y bienales nacionales e internacionales. En 1995 recibe una Mención de Honor de grabado de la Calcografía Nacional y en 1997 le conceden el Premio Nacional de Grabado del Museo del Grabado Español Contemporáneo de Marbella.

A Vázquez Cereijo se debe en gran parte la puesta en valor y la difusión de la obra de Maruja Mallo en España. En 1979 edita la carpeta de grabados "HOMENAJE A REVISTA DE OCCIDENTE", un proyecto en el que ambos trabajan durante muchos meses. La carpeta, de la que se editaron 200 ejemplares, contiene seis litografías correspondientes a otros tantos diseños que realizó la pintora viveirense entre 1933 y 1936 para las cubiertas de algunos números de la emblemática revista creada y dirigida por José Ortega y Gasset. Las láminas van acompañadas de una serie de textos escritos por la pintora que hacen referencia al ambiente madrileño de los años treinta, a García Lorca, Neruda, Miguel Hernández, Alberto Sánchez, Benjamín Palencia. También incluye un fotomontaje que Vázquez Cereijo y Mallo elaboraron conjuntamente y un prólogo escrito por Soledad Ortega Spotorno, hija del filósofo.

Aunque siempre mantuvo relación con su ciudad natal, que visitaba con frecuencia, en 2013 y acompañado de su esposa, Anne Nikitik, el artista regresa definitivamente a Lugo, a la casa familiar de la Plaza Mayor. Y en Lugo es en donde fallece en 2016.

En septiembre de 2023, impulsada por su viuda, se crea la Fundación VAC-AN con sede en el barrio de la Milagrosa de Lugo para la conservación y difusión del legado del artista lucense y desde entonces promueve interesantes iniciativas culturales.

El artista y el Museo Provincial de Lugo

Vázquez Cereijo mantuvo una intensa relación con el museo lucense. En 2011 este centro museístico le organiza una exposición retrospectiva que repasa tres décadas fundamentales de su trayectoria artística. Coincidiendo con este evento, el propio autor efectuó la donación de varias obras pictóricas y gráficas que pasaron a formar parte de los fondos permanentes de la institución.


En julio de 2019 y bajo el título *Eu sempre sonhei ser a minha história*, el museo acoge una exposición antológica de Vázquez Cereijo supervisada por la viuda del artista y con el escultor Paco Pestana al frente como comisario. Una muestra que no solo reúne algunas de sus obras, sino también de otros artistas. Además, en la exposición figuran objetos de distintas tipologías pertenecientes a la extensa y heterogénea colección que el pintor consiguió formar a lo largo de muchos años, sobre todo con los hallazgos durante las visitas dominicales al Rastro madrileño, muchas veces acompañado de Juan Manuel Bonet Correa y Andrés Trapiello.

En 2024 en la sala de exposiciones temporales del museo se celebra la exposición *Ronsel. 100 anos depois* sobre la emblemática revista lucense dirigida por Evaristo Correa Calderón. Una muestra promovida por la Fundación VAC-AN en la que figuran abundantes materiales pertenecientes a la colección de Vázquez Cereijo que custodia la fundación.


El Museo Provincial conserva en sus fondos cinco pinturas al óleo y 32 grabados de Vázquez Cereijo correspondientes a distintas etapas de su producción y que en su mayoría son donación del propio autor. Entre las pinturas está el cuadro fechado en 1978 *Lugo desde a minha casa* perteneciente a la primera época, una obra muy luminosa, con colores claros y saturados y materia empastada aplicada en parte con espátula. Una interpretación vigorosa y resplandeciente de la plaza del Ayuntamiento, la actual Praza Maior, que, como nos indica en el propio título, se corresponde con la panorámica que podía contemplar desde su casa familiar. Las otras cuatro pinturas reúnen características similares, propias de las últimas etapas de su producción, en las que predominan las tonalidades oscuras, el uso fundamental de grises y mezclas de azules, verdes y amarillos con los que mantiene siempre un cierto dramatismo, y contienen elementos simbólicos que nos remiten a evocaciones y objetos relacionados con vivencias que permanecen en la memoria del pintor. En cuanto a la obra gráfica, está por un lado una colección de 31 grabados que van de la abstracción a la figuración, de las geometrías a las líneas orgánicas y reproducen diferentes motivos, muchos de ellos recurrentes en la obra de Vázquez Cereijo, como las escaleras, las ruedas y bicicletas, que en conjunto reflejan muy bien su mundo creativo. Por otro lado está la litografía *Retrato de Luis Pimentel*, una interesante interpretación gestual del rostro del poeta lucense realizada con soltura, en el ámbito de la caricatura, que capta con acierto los rasgos esenciales del representado. Una obra firmada y dedicada por el autor que llegó al museo en 1980 como donación de Javier Rosón Pérez, que también fue quien donó el ejemplar de la carpeta de "HOMENAJE A REVISTA DE OCCIDENTE" que conserva la institución.




Lugo desde mi casa



Retrato de Luis Pimentel



Luz de invierno



S/T